



RESOLUCIÓN XERENCIAL DO 23 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE PRORROGA A SITUACIÓN DE CONCILIACIÓN ESTABLECIDA PARA A NOVA NORMALIDADE

No derradeiro apartado (Fase 3) da Resolución reitoral do 8 de maio de 2020 sobre o calendario de retorno progresivo á actividade presencial na Universidade da Coruña (UDC) e nos apartados 3 e 4 da Nota aclaratoria sobre a avaliación de persoal vulnerable ao covid-19 e a conciliación familiar nas fases 2 e 3 da resolución reitoral do 8 de maio de 2020, prevíase que quen:

“...teña ao seu cargo menores (máximo 12 anos) ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores, e non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral, poderá continuar a prestar o seu traballo de xeito non presencial sempre que efectivamente se poida realizar, e acceda a persoa responsable do servizo/unidade administrativa/centro.”

Esta situación poderíase *“... manter as condicións de conciliación establecidas na Fase 3 ata o día 31 de xullo de 2020, coa prestación do traballo de xeito non presencial sempre que efectivamente se poida realizar, e acceda a persoa responsable do servizo/unidade administrativa/centro.”*

Despois de reunións da Xerencia coa Xunta de Persoal de administración e servizos, acordouse:

Clarexar que, ademáis das persoas maiores dependentes e menores de doce anos, tamén se pode acoller a esta previsión quen teña ao seu cargo persoas con discapacidade.

Prorrogar a referida situación ata o día 15 de setembro de 2020, coas mesmas condicións que as establecidas nos parágrafos transcritos

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC.

Código Seguro De Verificación	IpFJ15F/wDL/toNaXj1xNA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	23/07/2020 10:27:08
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/IpFJ15F/wDL/toNaXj1xNA==		

